

ACTA N° 43/09

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 5 DE OUTUBRO DE 2009

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Arturo González Pérez.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino
D. Valentín Piñeiro González
D.^a Libertad Cruz Couso.
D. Daniel Rodas Chapela

Secretario: D. Carlos Piñeiro Sarmiento.

Na Casa do Concello de Moaña, o 5 de outubro de 2009, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario accidental, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:10 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 42/09, do 28/09/09 e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar dita acta.

2.- PROPOSTA DE GASTOS

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a proposta de gasto que se detalla a continuación,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEEDOR	PARTIDA	IMPORTE
CULTURA	PUBLICIDADE FARO DE VIGO:	Faro de Vigo SAU	4510 22608 RC 1496	280,14

	XXII edición circuitos teatrais de Moaña.			
--	---	--	--	--

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para esse gasto,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar a propostas de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na tabla.

3.- CERTIFICACIÓN Nº 1 DA OBRA “2º MODIFICADO DE PROXECTO DE CAMPO DE FÚTBOL NO CASAL (SAN MARTIÑO) INSTALACIÓN DE CUBERTA DE GRADA”.

Dáse conta da certificación nº 1 da obra “2º Modificado de proxecto de campo de fútbol no Casal (San Martiño) instalación de cuberta da grada”, presentada pola empresa MONTAJES CANCELAS S.L., asinada polo director de obra D. Alberto Moreno García, de data 11 de agosto de 2009.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Levantar o reparo da Intervención recollido no seu informe de data 5 de outubro de 2009, para evitar o enriquecemento inxusto da Administración e por entenderse as obras efectivamente executadas.

Segundo: Aprobar a certificación nº 1 da obra “2º Modificado de proxecto de campo de fútbol no Casal (San Martiño) instalación de cuberta da grada”, de data 11 de agosto de 2009, polo importe de 92.278,00 €.

Terceiro: Aprobar a factura nº 900139, de data 11 de agosto de 2009 presentada por MONTAJES CANCELAS S.L. polo importe de 92.278,00 euros, recoñecendo a obriga con cargo á partida 4520.62200.

4.- LIQUIDACIÓNS DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA

Visto o informe da Tesourería municipal do 30 de setembro de 2009, en relación á liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público municipal

polas declaracións relativas aos ingresos brutos presentada pola empresa subministradora Unión Fenosa Metra, S.L, no que indica:

Consonte ó disposto no artigo 24 do TRLRFL, o importe a liquidar correspóndese co 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que, sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos por aquela como contraprestación polos servizos prestados en cada termo municipal, excluídos os impostos indirectos que os graven e as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de contificación da taxa.

En aplicación do anteriormente exposto, remítese á Xunta de Goberno Local, a liquidación das taxas indicadas a efectos da súa aprobación e notificación ós interesados .

***Unión Fenosa Metra S.L (CIF A82549593)**

TAXA(euros)	BASE DA TAXA(euros)	IMPORTE
		BASE*0,015
XULLO 2009	273.131,97	4.096,97
AGOSTO 2009	187.554,85	2.813,32
TOTAL	460.686,82	6.910,29

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía da liquidación reflectida no informe da Tesourería, correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de Unión Fenosa Metra S.L. por importe de 6.910,29 euros, polo período de xullo e agosto 2009, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

5.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN DUN AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL.

Vista a proposta da Alcaldía de data 29 de setembro de 2009, que textualmente di:

Á vista do informe emitido pola axente de emprego, e do contido na Orde do 31 de agosto de 2009 da Consellería de Traballo e Benestar reguladora das axudas e subvencións para a contratación ou prorroga da contratación dos axentes de emprego e desenvolvemento local, faise necesario definir a solicitude destas subvencións por parte do Concello de Moaña

Polo anterior

PROPOÑO:

1º) Solicitar ante a Consellería de Traballo subvención para a prorroga da contratación dun axente de emprego e desenvolvemento local para o Concello de Moaña, cunha duración de 12 meses, durante o período 2009-2010, e por un importe total de 27.046 euros.

2º) Aprobar o seguinte proxecto de traballo a desenvolver polo axente de emprego e desenvolvemento local:

DEFINICIÓN DO PROXECTO: Plan de promoción do emprego no Concello de Moaña.

OBXECTIVOS, ACCIÓNS E ACTIVIDADES:

1º) Realización de actividades de información e sensibilización. Enfocadas a dar a coñecer as políticas activas de emprego, así como a traballar na prospección de recursos ociosos ou infrautilizados.

2º) Servizos de información e asesoramento. Atenderanse peticións de información e asesoramento por parte de emprendedores, empresarios, asociacións ou particulares do Concello. Así como servizos de asistencia técnica ós emprendedores.

3º) Realización de proxectos, informes e estudos relacionados co fomento do emprego; colaboración na realización de proxectos de escola obradoiro e obradoiro de emprego, programas integrados para o emprego, colaboración na realización dos programas de cooperación local..., colaboración na realización de proxectos de desenvolvemento local e fomento do emprego. Informes sobre o desemprego e as necesidades formativas e ocupacionais no Concello de Moaña...

4º) Colaboración con outras entidades na posta en marcha de proxectos de fomento do emprego (restantes concellos do Morrazo, tecido asociativo do Concello de Moaña, rede de axentes de emprego da Consellería de Traballo).

5º) Asesoramento tanto ó Concello de Moaña, como ó Patronato Municipal "Beiramar"; en canto a axudas e subvencións relacionadas co fomento do emprego e o desenvolvemento local.

6º) Calquera outra medida que se considere beneficiosa para a mellora do entorno económico de Moaña.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

6.- PADRÓN DE VADOS EJERCICIO 2006

Visto o padrón de vados do exercicio 2006, remitido pola ORAL para a súa aprobación, por un importe 24.427 euros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o padrón de taxas de vados do Concello de Moaña do exercicio 2006, por un importe de 24.427 euros, e remitilo á ORAL para a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e posta ao cobro.

7.- ADXUDICACIÓN DA OBRA “SANEAMENTO DE BROULLÓN”.

O Sr. Pastoriza amosa a súa disconformidade coa tramitación que seguiu esta obra.

O Sr. Alcalde acorda retirar o asunto da orde do e a súa aprobación por resolución da Alcaldía.

Os Concelleiros do PSOE, Srs. González e Pastoriza abandonan a sesión.

8.- SOLICITUDE AXUDA PARA PROXECTOS AO ABEIRO DOS PLANS ESTRATÉXICOS ZONAIS APROBADOS POLA CONSELLERÍA DO MAR AOS GRUPOS DE ACCIÓN COSTEIRA.

Á vista da Orde do 27 de agosto de 2009 da Consellería de Mar pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro dos plans estratéxicos zonais aprobados pola Consellería do Mar aos grupos de acción costeira, e se procede á convocatoria para o ano 2009.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes presentes, acorda solicitar axuda ao abeiro do establecido na citada Orde, e remitir a solicitude, acompañada da documentación requirida á Consellería do Mar.

9.- SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS

Visto o escrito presentado por D^a Dolores Fernández Rodas, presidenta da "ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE DOMAIO O PORTO", no que solicita a inscrición desta asociación no Rexistro municipal de asociacións do Concello de Moaña, e dado que achega toda a documentación requirida no Regulamento veciñal de participación cidadá para a inscrición de asociacións,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda inscribir a ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE DOMAIO O PORTO no Rexistro municipal de asociacións co número que lle corresponda.

10.- VADOS

Con data 11 de xuño de 2009 D. HONORIO CALVAR ROUCO presenta instancia na que solicita un vado permanente na rúa Méndez Núñez, para o que presenta o recibo de pago das taxas por un importe de 36,88 euros (21,88 € vado e 15 € do sinal)

Visto o informe favorable do xefe da Policía Local do 17 de xuño de 2009, onde se indica que o portal ten un ancho de 3,5 metros e har rebaixe na beirarrúa,

Visto o informe do inspector de obras do día 21 de xullo de 2009 que indica que se encontra en zona urbana,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o vado solicitado por D. HONORIO CALVAR ROUCO, cunha entrada de 3,50 metros, polo cal presenta o recibo de taxas por un importe total de 36,88 € e que se notifique o presente acordo á Recadación municipal.

11.- MOBILIDADE

D.^a Francisca Dopazo Piñeiro, por escrito do 21 de setembro de 2009, expón que pasando o Bar O Novo Faria, hai un camiño no que non poden pasar dous coches, e solicita que poñan dirección única, para solucionar o problema.

Visto o informe favorable do xefe da Policía Local do 2 de outubro de 2009, que indica que procede a colocación dun sinal de entrada prohibida na intersección do camiño da Peña co camiño da Racha, na entrada deste último, dado que fundamentalmente o seu primeiro tramo máis próximo a dita intersección é moi estreito, producíndose o atasco dos vehículos que o transitan.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a colocación do sinal indicado no informe do xefe da Policía Local, para establecer a dirección única nese camiño.

12.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as que se relacionan a continuación.

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
GEMMA CASAS JUNCAL	Auga, uso doméstico	Ramón Cabanillas, 170 – 3º D, Moaña	Conexión60 € Fianza 20 €	Aqualia
ANGELA PEREIRA DÍAZ	Auga, uso doméstico	Pura P. Prado, s/n, portal 1 – 3º D (O Rosal)	Conexión60 € Fianza 20 €	Aqualia
ANGELA PEREIRA DÍAZ	Auga, uso doméstico	Pura P. Prado, s/n, portal 1 – 3º A (O Rosal)	Conexión60 € Fianza 20 €	Aqualia
MARÍA PILAR DÍAZ MARTÍNEZ	Saneamento, uso doméstico	Reibón, 156	Saneamento..... 180 €	Aqualia
JOSÉ CAO TRIGO	Auga, uso doméstico	Pura P. Prado, s/n, portal 1 – 2º B (O Rosal)	Conexión60 € Fianza 20 €	Aqualia

13.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obras, que serán efectivas, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

13.A) EXPTE. 191/09 – COMUNIDADE DE VECIÑOS “EDIFICIO EL REAL”, presenta proxecto de estudo técnico para colocación de planchas de fibrocemento lacadas, chorreo, limpeza e pintado de fachada dun edificio de vivendas situado na r/ Lealtad, 27, O Real, de conformidade co proxecto presentado e redactado polo arquitecto técnico Humberto Guimeráns Gallego, visado o 18.09.09.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 29 de setembro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: ESTUDO TÉCNICO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME: **Procede licencia das obras de conservación definidas en proxecto.**

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outorgase o abeiro do disposto no Artigo 9º da lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto se centran na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais conforme se define na memoria constructiva do proxecto coa colocación de planchas de fibrocemento lacadas de onda pequena e ancladas con perfíles metálicos sobre as existentes, previa limpeza e impermeabilización, reparación do canalón oculto así como a conservación exterior da edificación con pintado da fachada principal previo repaso do revestido existente preservando o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos:

Imposto sobre construcións.....	274,89 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

13.B) EXPTE. 155/09 – ELYME, S.L. solicita licenza municipal de obras para canalización para rede de baixa tensión soterrada, de 25 m. liñais na beirarrúa da estrada PO-551, no barrio da Ribeira-Meira, de conformidade coa documentación presentada,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 14 de setembro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: CANALIZACIÓN PARA REDE DE BAIXA TENSIÓN SOTERRADA NUN TRAMO DE 25 M. LINEAIS

INFORME: Procede licenza das obras definidas no proxecto.

Precisa informes sectoriais.

No expediente consta autorización administrativa do Servizo de Estradas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Liquidación provisoria de tributos:

Imposto sobre construcións..... 44,10 €

Taxas licenza urbanística..... 65,00 €

13.C) EXPTE. 121/09 – D. JUAN MANUEL PEREIRO BOUBETA e D^a MARÍA CONSUELO MARCIAL COSTAS presentan proxecto básico e execución de reforma e ampliación de cuberta en vivenda unifamiliar existente, sita no barrio do Igrexario, 64A, Tirán, de conformidade co proxecto presentado, redactado por AR-UR-MO (Arquitectura y Urbanismo Morrazo, S.L.P.), arquitectos D. Rafael Oliveira Souto e D. Juan A. Fernández Martínez, visado na data 16.06.09.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 1 de outubro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: BASICO E DE EXECUCIÓN DE AMPLIACIÓN DE CUBERTA EN UNIFAMILIAR

INFORME TÉCNICO.Procede licenza por resultar compatible coa normativa urbanística.

Proxecto básico e de execución.

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza suscrita polo arquitecto tecnico municipal con data de 22 de xuño do 2009 para Ordenanza 2.

Non require informes sectoriais.

Se cede 00,00M/2 , resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Se constitúe fianza por un importe 00,00 euros, cuantía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario..

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza se condiciona a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas ultimas polo concello e facultala conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas para o informe xurídico:

A presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985.polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

Liquidación provisoria de tributos:

Imposto sobre construcións..... 353,36 €

Taxas licenza urbanística..... 65,00 €

Cartel de obra 110,00 €

14.- LICENZAS DE APERTURAS

EXPTE. 19/2009 – RIO DA RIBEIRA MACBIL, S.L solicitou licenza de apertura para establecer un café-bar no baixo da rúa Concepción Arenal, 72.

O secretario accidental certifica, o 14 de setembro de 2009, que non houbo alegacións no período de información pública aberto trala notificación persoal aos veciños máis próximos e mediante a publicación do correspondente anuncio no BOP o día 24 de agosto de 2009,

Visto o informe do aparelador municipal do día 1 de outubro de 2009, que textualmente di:

EXPEDIENTE DE APERTURA:19/09
PETICIONARIO:RIO DA RIBEIRA MACBIL, S.L.
ASUNTO: CAFÉ-BAR.
SITUACIÓN: R/CONCEPCIÓN ARENAL.

INFORME:

Sometido o expediente a información pública atendendo o disposto no Artigo 36, a)-5, do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas, de 24 de agosto de 1982, unha vez determinada a compatibilidade de usos coas NN. SS. de Planeamento Municipal.

O aforo do local definido no proxecto ascende a unha ocupación de 46 persoas.

A resultas da aplicación do Decreto 292/2004, do 18 de novembro; polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade autónoma de Galicia, queda identificada a actividade de café-bar polo presente decreto polo epígrafe 2.7.2.

Debe remitirse o presente expediente a Delegación territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por si estima necesario, e a tenor do disposto no Artigo 38 do Regulamento xeral, comunicar os condicionados procedentes

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda remitir o expediente á Delegación territorial da Consellería de Presidencia, Admóns. Públicas e Xustiza, segundo consta no informe do aparelador municipal.

15.- OBRAS MENORES

EXPTE. 193/09, D. CÁNDIDO PÉREZ ÁLVAREZ solicita licenza municipal de obra para reparación de solado interior de parcela, sita no barrio de Sabacedo, núm. 55, Moaña, de conformidade coa documentación presentada.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 29 de setembro de 2009, que literalmente di:

ASUNTO: REPARACIÓN DE SOLADO (OBRA MENOR)

INFORME: Procede licenza de acordo coa documentación presentada
Non require informes sectoriais.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción 75,26 €
Taxas licenza urbanística 65,00 €

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos persoas asistentes, acorda conceder a licenza solicitada, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

16.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

Visto o oficio remitido pola Xunta de Galicia, CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS – AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA, no que solicita informe do Concello para a tramitación da autorización de obras de conservación en vivenda en Meira, exptes.: A-PO 2009/161

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 29 de setembro de 2009, que literalmente di:

Ante o requerimento efectuado pola Axencia de Protección da Legalidade Urbanística da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (**Expte: A-PO 2009/161**), relativo a solicitude de autorización promovida por Dña Luisa Amparo Costa Tenorio en representación de “POZONOVO COSTA, S.L.” para obras de conservación en vivenda en Meira do termo municipal de Moaña, teño a ben informar o seguinte:
A os efectos clasificatorios do solo a edificación atópase inmersa nun sistema xeral viaro, co cal as NN.SS. de Planeamento Municipal non dota de parámetros que desenvolvan ordenanzas edificatorias. Debe entenderse que as posibilidades de mantemento e conservación son as que se determina con carácter xeral no Artigo 9 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado polo aparellador municipal e **remitilo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas – Axencia de protección da legalidade urbanística.**

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 19:15 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.